

ILUSTRANDO



CFR O BARCO
2021

ILUSTRAR

ilustrar Conxugar 

verbo transitivo

1 Poñer ilustracións a.
Encargárono de ilustrar o libro.

2 Facer que [algo] se entenda con facilidade, mediante comentarios, exemplos etc.
Ilustrou a teoría cun exemplo.
► SINÓNIMO **aclarar**
► CONFRÓNTESE **exemplificar**

3 Facer que [alguén] adquira cultura ou coñecementos.
Ilustrar o pobo.
► CONFRÓNTESE **instruír**

Case que nos serven as tres definicións do verbo, pero sobre todo a segunda: queremos que unha historia, un conto, sexa mellor entendido coas nosas imaxes.

Non é o mesmo que contar a historia só con imaxes!

ILUSTRACIÓN

ilustración



substantivo feminino

1 Acción e efecto de ilustrar ou aclarar.

Para maior ilustración das súas ideas, proxectou varias diapositivas.

2 Debuxo, lámina etc., que acompaña a un texto, aclarándoo ou adornándoo.

Un libro con moitas ilustracións.

► SINÓNIMOS **figura, imaxe**

3 Conxunto de coñecementos mínimos e imprescindibles.

Xente sen ilustración.

► SINÓNIMO **cultura**

4 Movemento que se desenvolveu en Europa e América ao longo do século XVIII baseado na razón como instrumento de coñecemento.

Diderot foi un personaxe importante da Ilustración.

Ademais dun período histórico, unha ilustración é

**unha imaxe
que aclara ou
adorna.**

Tan importante é
que de quen non sabe
nada dise que non é
ilustrado!

NON PODEMOS ILUSTRAR SEN COÑECER A HISTORIA

Para complementar a historia necesitamos saber moito sobre ela. Por suposto e antes que nada, **lela con atención**, extraendo cada detalle importante, buscando trazos fundamentais: situación, personaxes, ambiente, ton... Sabemos, por exemplo, cando se escribiu o libro? Cando aconteceron, se é que aconteceron, as historias que relata? Hai no texto pistas sobre sitios, datas, acontecementos?

Temos que ambientar o relato.

ARREDOR DE CUNQUEIRO

Supoñamos que temos que ilustrar contos de “Os outros feirantes”.

Se quixeramos representar ao gatipetro da infancia de Marcelino Pardo, un animal que non existe, temos que ver como o describe Cunqueiro :

“É como un gato gordo que non tivese patas traseiras, e que no medio da cabeza ten un corno colorado. Arrástrase deica a habitación onde durme un neno e comeza a verquer auga polo corno, que gotea no chan”

“Para andar, ademais de nas súas patas dianteiras, apoiábase na lingua, que tiña enorme, como de vaca, pro mouro e dúas pontas”


“e cada vez, na descripción que facía aos fillos e aos netos, o gato era máis grande, a lingua case unha vara de ancho, e o corno daba auga coma unha boa fonte no mes de marzal”

NECESITAMOS BUSCAR EXEMPLOS

Para debuxar, salvo que sexamos artistas de nacemento, necesitamos saber como trataron outros artistas o tema.


Temos visto nós moitos animais fantásticos?

Non, pero existen os Bestiarios, cheos de fauna inventada.



NECESITAMOS COÑECER ILUSTRADORES

Como o gatipetro é un pouco gato, podemos buscar tamén gatos nas ilustracións doutros contos (fuxide de Disney, por favor).



NECESITAMOS BOTAR UN OLLLO Á PINTURA

Outra fonte de coñecemento é a pintura, cunha mirada especial neste caso aos artistas galegos. Para traballar a historia de Balbina da Furcada, “*que xa cumprira os corenta e cinco*” hai exemplos de retratos de mulleres como estes de Seoane e Álvarez de Sotomayor: Realismo ou Cubismo?



E POR QUE NON AO CINE?

O cine aporta moitas veces unha gran axuda na ambientación: roupas, obxectos, paisaxes... Para a Galicia rural de Cunqueiro estou pensando na recentemente multipremiada “O que arde” de Oliver Laxe, ou nas películas de Cuerda rodadas en Galicia sobre historias de aquí: *La lengua de las mariposas* (rodada en Allariz), *Los girasoles ciegos* (en Ourense) ou a marabillosa *El bosque animado*, en Sobrado.



A FOTOGRAFÍA TAMÉN É ARTE


A fotografía é unha fonte importante de información ademais dun instrumento de traballo imprescindible. Polo momento, podemos coñecer mellor esta Galicia sobre a que investigamos se revisamos a obra de Ruth Matilda Anderson que percorreu o país nos anos 20 por encargo da Hispanic Society, ou de Cristina García Roderó. Tamén podemos buscar fotógrafos contemporáneos!



EMPEZAMOS A DEBUXAR?

Unha vez que temos realizado todo o proceso de documentación, que pode ir acompañado de debuxos rápidos ou de esquemas, empeza o traballo real do creador.

E aviso:



PERO PROFE... EU NON SEI DEBUXAR!!!!

<https://unbcaep.wordpress.com/>



Se observamos como
fixeron outros

Se coñecemos unhas
poucas técnicas

Se analizamos as
composicións que nos
gustan

Se non temos medo...





TÉCNICAS E MATERIAIS


Non somos profesionais, pero sempre podemos botar man de certos recursos: bolis, rotuladores, lapis de cores, ceras, collage, acuarelas ou acrílicos... e programas ou aplicacións de debuxo. Todo vale, incluso mesturado.




Para este gatipedriño só
fai falta un bic negro e un
papel branco.





Tinta ou acuarela.



Técnica mixta e un xogo de formas moi interesante: a espiral do caderno forma parte da ilustración e é a boca da figura. A auténtica ilustración é a fotografía do conxunto.



Collage e lapis de cores.



Acuarela, pero podrían
ser papeis
transparentes.



Collage e papeis




E ata bordados!!!!





Acuarela, têmpera ou
acrílico.





Vedes como a técnica non é tan importante?
O valioso son **as ideas**




COMPOSICIÓN

Ou como organizar as cousas no papel.

Hai multitude de receitas e de leis, unhas mais intuitivas e outras máis académicas. Pero sempre, sempre, teñen que estar ao servizo da expresión. Podedes consultar algunhas páxinas expertas:

<https://www.artemiranda.es/blog/index.php/la-composicion-en-pintura/>

<https://ideakreativa.net/11-reglas-de-la-composicion-para-no-disenadores/>



LEIS DA GESTALT


<https://ideakreativa.net/principios-de-la-gestalt-aplicados-al-diseno/>

No mundo do deseño son imprescindibles. Explican como percibimos as imaxes (formadas por moitos elementos) **coma un conxunto**: non hai que poñelo todo, senón deixar que o ollo e a cabeza fagan o seu traballo.

Até o de agora fomos LECTORES de imaxes e interpretabamos estes recursos, pero agora seremos PRODUTORES e teremos que usalos! Aquí vemos algunhas:

LEIS DA GESTALT

RELACIÓN ENTRE
FIGURA E FONDO



LEIS DA GESTALT

ELEMENTOS EN
PROXIMIDADE

SIMILITUDE DE
FORMAS

REPETIÇÃO




LEIS DA GESTALT

A PARTE POLO
TODO



LEIS DA GESTALT

FORMA COMÚN
COMO PECHE




ELEMENTOS EXPRESIVOS

SIMETRÍA




ELEMENTOS EXPRESIVOS

CONTRAPESO



ELEMENTOS EXPRESIVOS

XOGO COAS
PROPORCIÓNS



ELEMENTOS EXPRESIVOS

RITMO E
MOVIMENTO



ELEMENTOS
EXPRESIVOS

CLAROSCURO



ZONAS DE ATRACCIÓN DA MIRADA

UN PUNTO FOCAL

Neste caso, dado polo
movemento das formas e
o uso da cor.



ZONAS DE ATRACCIÓN DA MIRADA


A PARTE INFERIOR
DA OBRA.

Miraremos cara ela
se non creamos
elementos que nos
desvíen.



ZONAS DE ATRACCIÓN DA MIRADA

A DIAGONAL DE
LECTURA



COMO LEMOS DE ESQUERDA A DEREITA...



Hai camiño diante

COMO LEMOS DE ESQUERDA A DEREITA...

Vimos de volta



ZONAS DE ATRACCIÓN DA MIRADA

A CLARIDADE



ZONAS DE ATRACCIÓN DA MIRADA

AS FORMAS
GRANDES OU
ESAXERADAS



ZONAS DE ATRACCIÓN DA MIRADA

OS ELEMENTOS
AILLADOS



AS CORES

CLARAS PESAN
MÁIS SE O
FONDO É
ESCURO



AS CORES

CÁLIDAS PESAN
MÁIS QUE AS
FRÍAS




AS CORES

SATURADAS
PESAN MÁIS QUE
AS
TRANSPARENTES



AS CORES TEÑEN SIGNIFICADO E CREAN AMBIENTE



O ENCADRE E A PERSPECTIVA



XA, PERO...


NADA:

SE O ALUMNADO PODE,
VÓS TAMÉM.

MIRADE:

CUNQUEIRO
NA AULA

Primeiro información. Despois, técnica, e finalmente, COMPOSICIÓN E FILTRADO. Deixaremos na imaxe todo o que necesite, pero non máis. Colocaremos as partes da maneira que mellor expresen o que queremos dicir. Non temos que contar TODA a historia, senón resumir a súa esencia. Aquí hai un exemplo fantástico. Non necesitamos ver a figura completa nin ser realistas. Ten simetría, céntrase no ovo e usa o amarelo da xema na cara da muller. Recordades a historia? Esta ilustración a enriquece.



CUNQUEIRO, Os outros feirantes. Balbina da Furcada. 4ª ESO

O Gatipetro deste exemplo explica moi ben a historia. Que quería facer co neno? É unha aparición amable ou terrorífica?

E, tecnicamente, parece sinxela: nada de perspectiva, cores case planas... A expresividade vén do tamaño do bicho, saíndose do papel

CUNQUEIRO, Os outros feirantes.
Marcelino Pardo. 4ª ESO



O caso do ollo de cristal de Padín de Carracedo é outro exemplo de bo facer. Analizade a imaxe e lede a historia.



CUNQUEIRO, Os outros feirantes. Padín de Carracedo. 4ª ESO

Pedro Bravo, a orella de Antón de Leivas
ou A tía Remedios foron outros traballos
da serie.

CUNQUEIRO, Os outros feirantes. 4ª ESO



BARBA AZUL NA AULA

PERRAULT
4ª ESO








O TRAXE NOVO DO EMPERADOR NA AULA

HANS CHRISTIAN ANDERSEN
4ª ESO





CASARES
NA AULA



CARLOS CASARES. Vento Ferido. Unhas fotografías. 2º BAC



CARLOS CASARES. Vento Ferido. Historias de burros. 2º BAC



CARLOS CASARES. Vento Ferido.
Lobos pola rúa. 2º BAC

SAMARKANDA NA AULA

FARID UD-DIN ATTAR. Conto tradicional. 1º BAC







EMPEZAMOS???

